

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 7 DE ABRIL DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

1419/07.- Xunta de Galicia.- Reforma e acondicionamento da edificación sita na R/ Pastoriza núm.8 c/v Rúa do Carballo e Rúa Touro, para uso de oficinas administrativas.-

1651/07.- Proyelynka, S.L.- Legalización de modificacións executadas na vivenda unifamiliar sita na Rúa Vite de Arriba núm.26.-

1429/05.- Ríos Sánchez e Hijos Promociones S.L.- Modificación de licenza de construción de edificio na parcela B1 do quintero 3 do SUP-6 de Sta. Marta.-

PARCELACIONES.-

2610/07.- María García Baliñas.- Parcela sita na Rúa de Muros núm.96 (-).-

73/08.- Promociones y Gestiones del Tambre, S.L.- Parcela na Rúa de A Cierva núm.17-19 (+).-

117/08.- Emilio A. Otero Martínez.- Parcela sita no Lugar de Quintáns, Verdía núm.18 (+).-

71/08.- Donato Pallas Valiño.- Parcela sita no Lugar de Neiro de Abaixo, Eira de Arriba (+).-

73/07.- José Manuel Novio Vázquez.- Parcela sita en Corexo núm.52 (+).-

6/08.- María Angeles Forján Gerpe.- Parcela sita na Rúa de Muros núm.175 (+).-

146/05.- Hilario Senín García.- Parcela sita no Lugar de Lavacolla núm.15-16, Sabugueira (-).-

PRÓRROGA.-

1863/07.- Proyelynka, S.L.- Vivenda unifamiliar en Vite de Arriba núm.24 (+).-

RECURSO DE REPOSICIÓN.-

992/05.- Gesprocar, S.L, repres. Por D. José L. Rodríguez Esteban.- Construcción de edificio na Rúa da Queimada (D).-

PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO REFERENTE A HOMOLOGACIÓN DE MODELO DE QUIOSCO PARA COGAMI, ASÍ COMO APROBACIÓN DE EMPRAZAMENTO DE QUIOSCO PROVISIONAL NA RÚA DO HÓRREO Á ALTURA DA PRAZA DE GALICIA

639/08.- COGAMI.- Instalación de Quiosco, según modelo homologado, na Rúa do Hórreo á altura da Praza de Galicia.-

APERTURAS.-

Lap/332/07.- Nasozena, S.L.- Apertura de centro comercial no SUNP-4, na Rúa Cancelas.-

OCIHR

LICENZAS

LIC/1712/02 E LAP 272/2002.- legalización de proxecto básico e de execución para a adecuación do edificio executado para uso de hotel de dúas estrelas na rúa das Tompas.

DISCIPLINA

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

DIS688/2007.- González Calvo, Jesús Antonio S.L.- devolución de fianza para responder de danos derivados pola ocupación de vía pública con estada na rúa Entremuros. Importe: 601 euros.

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Apróbanse axudas por valor de 5.454 euros.

6 a 77.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmoables e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Apróbanse os devanditos beneficios fiscais.

78.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa ao apoio do Concello a un proxecto empresarial.

Acórdase apoiar o proxecto empresarial DOMORUSTIC como iniciativa local de emprego.

79.- Proposta da Concelleira delegada de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para imputar a unha empresa a responsabilidade e pago dunha indemnización por danos.

Declárase a inexistencia de responsabilidade do Concello polos danos materiais nun vehículo causados polo levantamento da tapa dun sumidoiro e atribúese a responsabilidade e o pago dunha indemnización de 210 euros á empresa Aquagest.

80.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do Estudo de detalle da parcela de equipamento universitario EU-7.

Apróbase inicialmente o estudo de detalle da parcela de equipamento universitario EU-7, sita entre as avenidas de Barcelona e Mestre Mateo, segundo o proxecto presentado pola Universidade de Santiago de Compostela. O proxecto someterase a información pública durante 20 días. A parcela conta cunha superficie total de 13.890 metros cadrados.

81.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do proxecto de urbanización do solo urbanizable programado número 1 (SUP-1) de Romero Donallo.

Apróbase inicialmente o proxecto de urbanización do SUP-1 de Romero Donallo segundo o documento presentado o 12 de marzo de 2008 polo presidente da Xunta de Compensación do Polígono. O polígono, de 30.138 metros cadrados, albergará entre 179 e 200 vivendas libres.

82.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á ratificación do convenio urbanístico para a execución do Plan especial de protección e rehabilitación do conxunto fabril da papleira de Brandia.

Ratifícase o devandito convenio, que supón a adquisición polo Concello dunha parcela de 623,25 metros cadrados, cualificada como zona libre pública, e a transmisión a LORYGAR dunha parcela de 603,25 metros cadrados, susceptible de edificación.

83.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa a dar conta das actas de recepción das urbanizacións do SUNP-2, 3, 7, 9 e 15.

Dáse conta da recepción das obras de urbanización executadas polo Instituto Galego de Vivenda e Solo nos sectores de solo urbanizable programado SUNP-2 (Salgueiriños); SUNP-3 (Cancelas-Mallou); SUNP-7 (O Avío); SUNP-9 (Belvís); e SUNP-15 (Ponte Pereda).

84.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á aprobación da participación no proxecto de transferencia de accións de innovación "Aidants Familiaux", do programa Leonardo Da Vinci (2007-2013).

Apróbase a participación do Concello de Santiago no proxecto Aidants Familiaux, dentro do programa Leonardo, dirixido á transferencia de accións innovadoras na validación dos coñecementos informais e a inserción laboral de coidadores familiares, liderado polo ID Formation de Córcega e cun orzamento para as accións a desenvolver polo Concello de Santiago de 71.911 euros (46.950 euros de subvención do Fondo Social Europeo e 24.961 euros, aportación propia).

85.- Solicitude de prorroga das Obras incluídas no proxecto básico e de execución de Reforma e Ampliación de edificación para destinar a Aula de Coñecemento do Medio Rural en PORTELA.

Solicítase unha prorroga nos prazos previstos no contrato de axuda do seguinte xeito:

- execución das dúas terceiras partes do proxecto: 30 de setembro de 2008.
- execución da totalidade do proxecto: 30 de novembro de 2008.

86.- Dar conta da sinatura do convenio de cooperación entre o Instituto Enerxético de Galicia, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA) e o Concello para a execución do programa "Fogares Verdes, programa de aforro enerxético e do consumo de auga no fogar" durante 2008.

Dáse conta da sinatura dun convenio de cooperación entre o Instituto Energético de Galicia, a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) e o Concello de Santiago para a execución do programa "Fogares Verdes, programa de aforro energético e do consumo de auga no fogar, 2008". Para a súa realización, o INEGA achegará a cantidade de 38.870 euros.

URXENCIAS

- 1.- Apróbase a realización de obras no Pavillón de Santa Isabel consistentes na dotación dun novo pavimento de parqué á pista de xogo. O custo da obra é de 200.315,71 euros e acórdase solicitar unha subvención á consellaría de Cultura e Deporte polo 50% do custo total (100.157 euros.)
- 2.- Acórdase participar na convocatoria de subvencións por parte da Secretaría Xeral de Emigración para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria en Galicia durante o ano 2008. Solicítase un total de 94.767 euros para a realización de varios programas.
- 3.- Apróbase unha estimación económica de 10.800 euros para os gastos que se deriven do concurso de ideas, con intervención de xurado, a nivel de anteprojectos para a remodelación urbana da Praza de Galicia en Santiago.
- 4.- Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación dunha asistencia técnica para o mantemento e actualización informativa da páxina web municipal por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 28.200 euros.